

OBXECTIVOS

Coñecer o grao de cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais no sector da conservación-restauración de bens culturais na comunidade autónoma de Galicia.

Definir cales son os axentes que interveñen nesa variable.

Saber cal é o grao de cumprimento dende o punto de vista do traballador por conta propia e dende o da empresa e do profesional por conta allea.

Determinar a implicación das políticas de fomento da cultura da prevención no proceso académico a través da análise da regulación das prácticas externas do título superior de conservación-restauración de bens culturais.

Analizar o papel da administración dende o punto de vista da supervisión e dende o papel exemplarizante nos procesos de contratación.

Análise da normativa vixente no ámbito académico e no laboral.

Determinar o alcance das políticas de fomento da cultura da prevención e a formación no proceso académico a través da análise da implantación da prevención de riscos laborais nos contidos das materias, na regulación das prácticas externas e nos criterios de avaliación nas ensinanzas superiores de conservación e restauración de bens culturais.

Coñecer a versión dos axentes activos do tecido produtivo mediante a sondaxe con enquisas e cálculo estadístico dos resultados obtidos.

Determinar o alcance da implicación das distintas administracións contratantes no ámbito de Galicia a través da configuración dos baremos e requisitos esixidos nas licitacións.

Analizar o papel da administración dende o punto de vista da promoción, xestión e supervisión dos proxectos e das execucións das intervencións.

METODOLOGÍA



CONCLUSIÓNS

A prevención dos riscos laborais existe se as persoas a practican e a promoven.

A prevención debe ser introducida no sistema educativo para que desempeñe un papel activo na concienciación e sensibilización da poboación antes de que empece a etapa laboral.

É preciso asegurar a prevención de riscos laborais nas prácticas externas.

A formación nos directivos e persoal das empresas e nos profesionais do sector é moi mellorable.

A administración, e os distintos promotores, deberían comprometerse e implicarse máis decididamente na prevención de riscos laborais nas intervencións que promocionan, licitan ou financian.

O perfeccionamento dos proxectos, coa inclusión da prevención de riscos laborais da conservación-restauración de bens culturais na fase de análise previa e na planificación da intervención, iría no camiño do espírito da Lei de Prevención de Riscos Laborais .

Sería necesario formalizar convenios colectivos sectoriais.

Deseñar a formación específica e instaurar a Tarxeta Profesional da Conservación-Restauración para o sector profesional da conservación e restauración sería moi positivo.